



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia


**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 734 Semana do 12 ao 18 de xuño de 2017

## IPC MAIO: OS SALARIOS TEÑEN QUE CRECER PARA QUE NON PERDAN OS DE SEMPRE

**Redacción.-** Os datos publicados o martes polo Instituto Nacional de Estatística confirman o indicador de prezos adiantado para o mes de maio: os prezos varían un -0,1%, un punto e unha décima por baixo de abril. A taxa anual sitúase en 1,9%, sete décimas por baixo da do mes anterior e case tres puntos por encima da de maio de 2016, que foi de -1,0%.



Con respecto á inflación subxacente, sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos, sitúase no mes de maio no 1,0%, é dicir, diminúe dúas décimas respecto ao mes anterior e está nove décimas por baixo do IPC xeral, recortando en cinco décimas a distancia entre ambos os indicadores.

O Índice de Prezos de Consumo Harmonizado sitúa a súa taxa anual no 2,0%, baixando seis décimas respecto ao mes de abril. A variación mensual é de 0,0%. O dato adiantado para a Unión Monetaria é de 1,4%, o que supón unha redución de cinco décimas respecto ao dato de abril da zona euro, polo que a diferenza entre España e a Unión Monetaria redúcese unha décima, situándose a zona euro seis décimas por baixo do IPC de España.

### Conclusións

O mes de maio, aínda que a inflación viuse reducida respecto ao mes anterior, continúa situándose por encima da previsión final do Goberno, fixada no 1,5%.

España está en fase de crecemento. Os organismos internacionais revisaron á alza as súas previsións de crecemento económico para o noso país. En abril o FMI elevou as previsións para España para 2017 ao 2,6%. A Comisión Europea tamén revisou en maio a previsión ata o 2,8%. Nese mesmo dato situou á alza a súa previsión a OCDE hai apenas uns días. E o dato de Contabilidade Nacional do primeiro trimestre do ano, que coñecemos o pasado 25 de maio, supuxo un incremento trimestral do 0,8% e un aumento anual do 3%.

Con todo, este crecemento non se está re-

flectindo nunha mellora da calidade de vida dos cidadáns, nin moito menos nunha redución da desigualdade e a pobreza que se acentuaron na sociedade española coas políticas de recortes e as reformas regresivas sufridas durante a recesión. Máis ben ao contrario, o emprego que se crea agudiza a precariedade e incrementa a pobreza laboral, con salarios de miseria e condicións laborais pésimas.

Mentres a inflación mantense próxima ao 2%, os salarios continúan estancados. Xa ata o Banco de España sinala que os aumentos salariais son moi moderados, mentres crecen os beneficios empresariais, que xa recuperaron os niveis anteriores á crise, aproveitando a contracción dos custos salariais. É a proba de que o crecemento non xera por si só unha repartición equitativa das rendas. Entre 2008 e 2016 as rendas salariais reducíronse en 2,9 puntos o seu peso sobre a Renda Nacional a favor dos beneficios empresariais. E mesmo en 2016, cun crecemento económico do 3,2% e unha creación de emprego de 2,7%, as rendas salariais reduciron tres décimas o seu peso sobre o produto nacional.

Para que a recuperación chegue ás familias, os salarios deben crecer, do mesmo xeito que as prestacións e as pensións, non só por xustiza social, senón tamén por eficiencia económica, para favorecer o consumo e afianzar así o crecemento económico e do emprego. E para non continuar perdendo poder adquisitivo, deben crecer por encima da inflación.

A consolidación do crecemento require un cambio das bases sobre as que este se asenta:

Unha aposta decidida pola industria, capaz de cambiar o noso modelo produtivo, dirixíndoo cara a actividades de alto valor engadido, que permiten empregos de mellor calidade.

A derogación das reformas laborais de 2010 e 2012, que desequilibraron as relacións laborais e a negociación colectiva, minguando dereitos aos traballadores e provocando un incremento da precariedade laboral e unha desvalorización salarial intensa, dando lugar a un aumento importante da pobreza laboral e á perda de calidade dos empregos creados.

Un Plan de choque polo emprego, que permita a creación de máis e mellores empregos.

A revisión dos criterios de revalorización de pensións e prestacións sociais, así como de salarios dos empregados públicos que, con esta evolución de prezos, continuarán na perda acumulada de poder adquisitivo que veñen sufrindo.

Para UGT, a negociación colectiva é fundamental para equilibrar a repartición primaria das rendas, que nestes anos de crecemento só reflectíronse no incremento dos beneficios. Por iso, non é xusto nin eficiente economicamente pretender incrementos salariais que dean lugar a perdas adicionais de capacidade de compra. A negociación colectiva debe apostar claramente polo incremento dos salarios de maneira real, nunha pinza entre 1,8% e 3%. Non é un aumento disparatado, senón que axústase a criterios de moderación, tendo en conta as previsións de inflación para 2017, que sitúan a inflación media no exercicio por encima do 2%.

## FE SP DENUNCIA QUE TRES FUNCIONARIAS DA FISCALÍA DE SANTIAGO LEVAN DOUS MESES SEN MEDIOS PARA TRABALLAR

**Redacción.-** Xustiza-FeSP denuncia a cadea de despropósitos propiciada pola mala xestión dos recursos realizada desde a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na Fiscalía de Santiago.

Primeiro unha funcionaria se atopa que, ao ser nomeada, non ten nin mesa, nin cadeira, nin ordenador para realizar a súa labor. Cando, logo de dúas semanas, por fin se enviaron os medios necesarios para que puidera traballar, veuse obrigada a permanecer de “okupa” no despacho dun fiscal porque non existía espazo suficiente nas dependencias da fiscalía para colocala. Precisamente, esta falta de espazo (denunciada no seu día por UGT ante a inspección de traballo) trouxo como consecuencia a súa recolocación, xunto con outras dúas funcionarias, ao terceiro andar do edificio e con elo novos “contratemplos” ao carecer de teléfono, fotocopiadora e fax.

Son xa case dous meses desde que as tres funcionarias son trasladadas ao terceiro andar sendo a Dirección Xeral de Xustiza incapaz en todo este tempo de dotalas de polo menos un teléfono co

que poder comunicarse, non só coa Fiscalía, senón tamén co resto de servizos xudiciais. Dita situación leva parello que tanto estas tres funcionarias como os seus compañeiros que están no primeiro andar pasen unha boa parte da mañá subindo e baixando para comunicarse entre eles, trasladar expedientes, recoller os documentos que se teñen que fotocopiar noutro andar ou acceder á documentación necesaria para realizar o seu traballo, posto que tampouco se lles dotou dos armarios e estantes necesarios.

Hai que recordar que, ata fai pouco, no terceiro andar estaban os xulgados do penal de Santiago de Compostela, polo que a instalación telefónica xa está feita, de aí que a negligencia ou a falta de vontade para solucionar o problema dende a Dirección Xeral de Xustiza é, se cabe, maior, posto que o único que hai que facer é dar de alta unha liña e, por suposto, dotar de fax e fotocopiadora. Todos eles medios cos que debemos contar os empregados públicos a fin de realizar as tarefas encomendadas, sendo obriga de quen xestiona ditos medios poñelos a dispor de quen os debe usar.



## INDULTO XA PARA CARLOS E SERAFÍN

**Redacción.-** Un mes máis, esteoves, día 15, centos de persoas se concentraron fronte ao Marco en Vigo para pedir o indulto para Carlos e Serafín xa.

Ambos condenados simplemente por ter participado na folga de transportes da provincia de Pontevedra e defender os dereitos sociais e laborais do sector.

## MÁIS DE 18.000 TRABALLADORES DO METAL DA PROVINCIA DE A CORUÑA CHAMADOS Á FOLGA POLO BLOQUEO DO CONVENIO COLECTIVO

**Redacción.-** O pasado 9 de xuño os tres sindicatos UGT, CC.OO e CIG presentaron ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria a convocatoria de folga no sector do metal afectado polo Convenio provincial de A Coruña.

A folga será os días 22 e 27 de xuño e o 4 e 5 de xullo de 2017, das 0,00 horas ás 24,00 horas, para as empresas que teñan quendas o horario será das 22 ou 23 horas do día anterior, ata as 22 ou 23 horas do propio día.

Antes da declaración desta folga, leváronse a cabo diversos intentos de lograr o obxectivo mediante a negociación directa coas patronais do sector durante máis de dous anos, así como, a mediación proposta pola patronal diante do AGA, todo isto sen resultados satisfactorios.

O obxectivo da folga é mostrar o rexeitamento dos traballadores do sector ás posturas da patronal para acadar un convenio colectivo para o sector da provincia de A Coruña.

Tras moitas reunións (van aló 18 reunións) entre sindicatos e patronal, os empresarios non aceptan practicamente ningunha das reivindicacións presentadas polos sindicatos e pretenden finiquitar a negociación sen ningunha mellora sustancial para os traballadores do sector. Se isto fora pouco, persisten na idea de eliminar dereitos que tiñamos conseguidos como é a revisión salarial e pretenden afondar aínda máis na distribución irregular da xornada.

Neste convenio os traballadores do metal precisan mellorar os salarios, establecer a subrogación para os traballadores do sector, incluír os acordos para a industria auxiliar do naval, regular as gardas localizadas fóra de xornada, recuperar a revisión salarial, mellorar as licenzas retribuídas, limitar a utilización das ETTs e non aumentar nin desregularizar a distribución irregular da xornada.

Con este obxectivo, logo das concentracións de delegados de UGT, CIG e CCOO celebradas en A Coruña, Compostela e Ferrol, así como, da manifestación celebrada o pasado 30 de maio en A Coruña, e ante a rotura

POR UN CONVENIO XUSTO



da mesa de negociación do convenio, pásase á ofensiva, por iso, acordouse a convocatoria desta folga.

FICA-UGT insiste en que só coa participación masiva e activa dos traballadores na folga e o compromiso de todos poderase facer que a patronal desista da súa actitude mezquina e conseguir que a negociación remate cun convenio xusto, unhas condicións de traballo decentes e uns salarios dignos para os traballadores e traballadoras do metal.

## FE SP ASINA A NOVA ADDENDA DO ACORDO DE INTERINOS QUE APORTA MAIOR ESTABILIDADE A ESTE COLECTIVO DE PROFESORADO

**Redacción.-** FeSP, xunto con CCOO, ANPE e CIS-CSIF, veñen de asinar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a modificación do acordo do 20 de xuño de 1995 sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesor interino e substituto.

O novo texto, entre outras melloras, recolle o maior acceso ás persoas con discapacidade ás listas en aras dunha maior inclusividade. Existirá unha garantía de que nas novas incorporacións ás listas dos chamamentos para interinidades e substitucións, polo menos, un de cada 14 aspirantes deberá posuír unha discapacidade recoñecida dun mínimo dun 33 por cento.

Outra das novidades que se recollen no novo acordo é a inclusión dun novo punto no que se regulan os chamamentos telefónicos. Se a persoa interesada non colle a primeira chamada continuarase coa cobertura das prazas e volverase a chamar ese mesmo día, transcorrida, polo menos, unha hora dende a chamada inicial. De non atenderse esta segunda chamada, enviaráselle á persoa interesada un correo electrónico ou SMS e volverá a ser chamado ao día seguinte, ofertándolle unicamente as prazas que quedaron sen adjudicar o día inmediatamente anterior. As persoas que non atendan aos tres chamamentos telefónicos serán penalizadas sen ser chamadas durante sete días naturais e aquelas persoas que sexan penalizadas tres veces se-

rán excluídas definitivamente das listas.

Ao igual ca no anterior acordo, as persoas que desexen incorporarse ou manterse nas listas de chamamentos deberán presentarse aos procedementos selectivos de ingreso aos corpos correspondentes da Consellería, sempre que se convoque a súa especialidade. Porén, en virtude da nova redacción, non abondará con presentarse, xa que non se integrarán na lista aquelas persoas que se retiraran na primeira ou na segunda proba, agás aquelas persoas que acrediten que se están presentando ao procedemento selectivo noutros ámbitos territoriais. Neste caso, tamén deberán acreditar que non se retiraron do mesmo.

Como consecuencia, decaerá dos seus dereitos e será excluído das listas de profesorado interino ou substituto que non se presente aos procedementos selectivos ou se retire dos mesmos, agás causa xustificada.

### Orde nas listas

No referido ao mantemento do número de orde da lista, dáse unha nova redacción



ao punto relativo ás causas polas que se pode renunciar a unha interinidade ou substitución sen perdelo. Desta forma a excepción referida ao coidado dun familiar “que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída”, queda limitado ao coidado de familiares de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, admitíndose, excepcionalmente, o coidado de familiares de segundo grao cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.

Por outra banda, FeSP lamenta a imposibilidade por parte da Consellería de comprometerse a aboar o pago dos cinco meses e medio de verán que seguen vixentes no texto refundido do DOG como compromiso por parte da Administración a recuperalos e que UGT vai loitar por recuperar o vindeiro curso.

## UGT- FICA URXE Á SEPI A ABRIR A NEGOCIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE NAVANTIA

**Redacción.-** UGT FICA solicitou unha reunión á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), propietaria de Navantia, para urxir á Dirección sobre a necesidade de que abra con carácter inmediato a mesa de negociación do Plan Estratégico de Navantia que debe garantir, a través do diálogo social, o futuro da compañía e o mantemento dos centros de traballo e o emprego.

O secretario do sector de Material de Transporte, Electrónica e TIC de UGT FICA, Juan Antonio Vázquez, mantivo unha reunión en Madrid coa Coordinadora de Seccións Sindicais de UGT FICA en Navantia para elaborar unha proposta sindical ante a urxencia de definir un documento consensuado por todas as organizacións sindicais representadas na empresa no que se contemplan os as-

pectos prioritarios a negociar no Plan Estratégico. O documento será debatido en asembleas de traballadores.

Para UGT FICA, o Plan Estratégico de Navantia segue sendo unha das súas máximas prioridades. Previamente á negociación do plan, a Coordinadora de Seccións Sindicais vai reclamar a aplicación inmediata do III Convenio Colectivo e a resolución da DPO dos técnicos superiores.

Doutra banda, a Coordinadora agradeceu o traballo desenvolvido polo compañeiro Juan Bedeli, que deixa o cargo



de coordinador debido á súa próxima xubilación tras unha vida profesional dedicada á defensa dos intereses dos traballadores en xeral e dos de Navantia en particular. Desde a Federación e desde a Coordinadora recoñecemos os valores e achega permanente cos que Juan enriqueceu ao Sindicato e desexámoslle todo o mellor na nova etapa que inicia agora.



## O GOBERNO VÉSE NA OBRIGA DE REACCIONAR ANTE A PRESIÓN SINDICAL EN CORREOS

**Redacción.-** Nunha reunión mantida entre os sindicatos e o Ministerio de Fomento sobre os recortes na asignación para o servizo postal universal, despois da presión exercida polas organizacións sindicais, o Goberno comprometeuse a recuperar o 100 por cento do diñeiro recortado dentro da fase de execución presupostaria a través do Fondo de continuidade.

Ademais, existe o compromiso de constituír, inmediatamente, unha Comisión para redactar e concluír o Plan de prestación do servizo postal universal nun prazo máximo de oito meses.

No plan de prestación resultante non se van reducir as obrigas actuais do Servizo postal universal que establece a Lei 43/2010 sobre recollida, reparto, frecuencia de entrega dos envíos e capilaridade da rede.

Tamén se pretende que o financiamento resultante do Plan de prestación será xusta e equilibrada e non se van escatimar recursos.

Na xuntanza celebrada co Ministerio FeSP-UGT entregou ao Ministerio de Fomento un documento recollendo as súas propostas e inquietudes sobre o Servizo postal universal, a situación laboral dos traballadores postais e a necesidade de reactivar a negociación colectiva.

Dada a gravidade das medidas de recorte para o Servizo público postal e os seus traballadores, UGT ve unha boa sinal a vontade expresada de rectificación polo Ministerio de Fomento.

Agora ben, isto é só unha parte dos



compromisos que o Goberno debe asumir a curto, medio e longo prazo para salvaguardar o Servizo público postal e posibilitar que este servizo estratéxico teña a solidez imprescindible e as garantías necesarias para converterse nun servizo renovado, moderno, eficaz e eficiente, tanto na súa misión de cohesión social e de vertebración do territorio como de diversificación na súa actividade.

## OS TRABALLADORES DA AUTORIDADE PORTUARIA DE A CORUÑA MOBILÍZANSE CONTRA A LEI DE PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO

**Redacción.-** O pasado mércores tivo lugar en A Coruña, fronte á sede da Autoridade portuaria, unha concentración, convocada por FeSMC-UGT, na que os traballadores deste ente simbolizaron un rexeitamento total á Lei xeral de Orzamentos do Estado 2017 que, unha vez que se debata no Senado, se ninguén o evita, quedará aprobada o vindeiro 26 de xuño.

Os traballadores da Autoridade portuaria vense afectados polo Título III, Capítulo I, sobre gastos de persoal ao servizo do sector público desta Lei. E a aplicación do texto tal cal está suporá unha redución salarial do 5 por cento, que xa se ven aplicando dende o ano 2010; mantense tamén a redución do 75 por cento dos gastos de acción social; non se permiten as achegas

aos fondos de fines sociais; e non se da solución ao alto índice de temporalidade que existe e que, concretamente, na Autoridade portuaria de A Coruña afecta a uns 25 traballadores ao non contemplarse unha oferta pública de emprego suficiente que permita dar estabilidade.

A todo isto, hai que sumarlle a coñecida e malintencionada limitación da negociación colectiva cuxa consecuencia non é outra que ter prorrogado o II Convenio colectivo de portos do Estado e autoridades



portuarias dende o ano 2010 sen poder negociar un novo.

Por todo isto, FeSMC considera esta Lei de Presupostos como inxusta e indecente para os traballadores da Autoridade portuaria, xa que perpetúa a política de recortes que se ven aplicando dende o ano 2010.

## FICA DEMANDA UN ACORDO NO CONVENIO DE METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

**Redacción.-** Os delegados de UGT FICA do sector do metal mantiveron o pasado mércores unha reunión para analizar a situación na que se atopan as negociacións de Convenio colectivo do metal da provincia de Pontevedra, de cara ás novas xuntanzas da mesa.

Dado o tempo transcorrido e que os avances nas reivindicacións expostas por UGT FICA están a ser practicamente nulos, viuse a

necesidade de demandar da patronal unha maior implicación e que abandonen o que está sendo unha postura dilatoria e de falta de interese en chegar a unha resolución, por moito que manifesten o contrario.

UGT FICA trasladaralle á mesa de negociación a necesidade de impulsar as mesmas, co obxectivo de chegar a un acordo antes do comezo das vacacións, xa que os

traballadores non poden seguir coas condicións sociais e económicas conxeladas.

Por tanto, a patronal ten a oportunidade de pasar das palabras aos feitos e presentar unha oferta en condicións que reflicta as propostas que temos presentando desde UGT en materias como o incremento salarial, cláusula de revisión, regulación das empresas multi-servizos ou xomada.

## ENTREGA DOS V PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA ESCOLA VIVA

**Redacción.-** O proxecto “A vida no acuario” de Sonia Sánchez Guerra, do CEIP Plurilingüe da Serra de Outes, recolleu este mércores o primeiro premio da quinta edición dos Premios á innovación educativa “Escola Viva”, convocados por FeSP-UGT Ensino e o movemento educativo Escola Viva. O acto celebrouse no salón de actos de UGT-Galicia en Santiago de Compostela, coa presenza de Raúl Gómez Farto, presidente de Escola Viva, Delia Irene Martínez, secretaria xeral de FeSP-UGT Galicia, e Gerardo Morano Díaz, secretario do Sector de Ensino de FeSP-UGT Galicia, ademais dos premiados.



A mestre Sonia Sánchez Guerra, do CEIP Plurilingüe da Serra de Outes, recolleu o primeiro premio, agasallado cunha contía de 2.000 euros, polo seu proxecto “A vida no acuario”, un traballo adicado á diversidade (para alumnado con necesidades especiais na linguaxe), partindo dunha idea da UNESCO.

O segundo premio, que recibiu 1.000 euros, foi para “A cooperativa Riomaior, a cooperación fai a unión”, de Beatriz Somoza Pires e Verónica Paz Souto, do CEP

Plurilingüe Riomaior de Santa Cristina de Cobres (Vilaboa). Este é un proxecto realizado en dous idiomas (galego e inglés) que abrangue todas as áreas da educación primaria e no que se abordan temas de actualidade.

Ademais, tamén se entregaron tres accésits para premiar a calidade e o esforzo dos mestres, que se presentaron a esta quinta edición dos Premios Escola Viva, en total máis de corenta traballos de centros de todo tipo (institutos, de educación infantil, primaria e tamén con-

certados). As mencións son as seguintes:

-1ª mención honorífica, “Divertipatio”, de César Ramos Domínguez do CEIP Barrié de la Maza, Santa Comba.

-2ª mención honorífica, “A pedra do encanto” do CEIP San Roque - Corón, Vilagarcía.


-3ª mención honorífica, “Educación variada e robótica” do CEIP Frián -Teis, Vigo.

## UGT ESIXE A CEOE E CEPYME QUE CONVOQUE A MESA DE NEGOCIACIÓN

**Redacción.-** CCOO e UGT consideran que é posible alcanzar un acordo en materia salarial e instan CEOE e CEPYME a convocar, canto antes, a Comisión de Seguimento do III Acordo de Negociación Colectiva para afrontar tanto a determinación do incremento de salarios para o ano 2017 como os temas que poderían servir para pechar o devandito acordo. A situación económica permite o incremento salarial entre o 1,8% e o 3%, proposto por ambas as organizacións sindicais, así como unha cláusula de garantía salarial.

UGT e CCOO xa trasladaron as súas propostas por escrito a CEOE e CEPYME para discutilas na mesa de negociación, nas que indican que os salarios deben incrementarse en 2017 entre o 1,8% e o 3%, e recoller unha cláusula de garantía salarial.

Ambas as organizacións sindicais reiteran que a mellor garantía para avanzar na recuperación do poder adquisitivo dos salarios é a xeneralización das cláusulas de revisión sa-



larial, unha ferramenta imprescindible e equilibradora cando a evolución dos prezos supera a inflación prevista. Por suposto, tanto o incremento salarial como as cláusulas de revisión deberán axustarse á situación económica das empresas.

A recuperación do poder de compra dos salarios e a garantía de que non se vai a producir perda de poder adquisitivo constitúen un elemento importante para impulsar a demanda interna, e con ela, consolidar o cre-

cemento económico e a creación de emprego de calidade, estable e con dereitos.

Por estas razóns, UGT e CCOO esixen á patronal que convoque con urxencia a Comisión de Seguimento do III Acordo de Negociación Colectiva, que non se reúne desde o 16 de novembro de 2016, para determinar o incremento salarial para o ano 2017 e pechar os temas que consideran deberían formar parte deste acordo.



# UGT DEMANDA REVISAR O TEXTO CONSTITUCIONAL E MELLORAR A PARTICIPACIÓN DEMOCRÁTICA

40 aniversario primeiras eleccións xerais

**Redacción.-** UGT, con motivo do 40 aniversario da celebración das primeiras eleccións xerais libres, reivindica a necesidade de revisar o texto constitucional para adaptalo á sociedade actual, mellorar os mecanismos para asegurar o seu cumprimento e alargar as canles de participación democrática da cidadanía.

1/ Pasaron corenta anos desde a celebración das primeiras eleccións xerais libres tras a ditadura franquista, e a Unión Xeral de Traballadores considera que este aniversario é motivo para volver celebrar con alegría a recuperación da democracia e as liberdades no noso país tras corenta anos de ditadura fascista. Á vez que cremos necesario realizar un recoñecemento a moitos traballadores e traballadoras anónimos, e moitos e moitas militantes de UGT que contribuíron de forma decisiva para que o 15 de xuño de 1977 puidésemos celebrar unhas eleccións democráticas.

2/ O tempo transcorrido ofrécenos tamén a perspectiva histórica suficiente para conmemorar este aniversario constatando sen medo e sen complexos que a transición foi o éxito político dunha xeración pero non foi un proceso perfecto. Estableceuse como prioridade a construción dun novo sistema político que fixese posible a convivencia pacífica en liberdade, renunciando en pos dese obxectivo para someter ao franquismo ao proceso que en xustiza correspondíalle.

3/ A Unión Xeral de Traballadores, tras anos de exilio e clandestinidade, era consciente de que a consolidación da democracia era o paso previo necesario para desenvolver un sindicalismo autónomo que fose capaz de negociar as condicións de vida dos traballadores. A prudencia das organizacións sindicais naquel momento histórico foi decisiva para poder realizar unha transición pacífica e para poder acordar unha Constitución que os traballadores puidesen sentir como propia. Por iso, neste aniversario queremos reivindicar o papel activo e decisivo dos sindicatos, e en concreto de UGT para que puidésemos alcanzar a democracia e puidésemos celebrar aquelas primeiras eleccións libres.

4/ Aínda que no ámbito político continúe do debate sobre se a transición democrática foi unha reforma, unha ruptura, ou unha ruptura pactada, no ámbito sindical UXT apostou claramente pola



ruptura e polo establecemento de modelo sindical libre, plural, e autónomo, que é o que finalmente acabamos adoptando.

5/ A sociedade española ha cambiado profundamente nestes corenta anos de vida democrática, pero continúa convivindo coas consecuencias dunha transición política imperfecta, mal acabada, que nos impide alcanzar a madurez política, que impide unha condena institucional clara e rotunda dos crimes do franquismo, que dificulta a aplicación efectiva das únicas medidas adoptadas para a reparación daqueles crimes, a pesar da súa moderación. Moitas das inxustizas cometidas durante aquel período non se pecharon, seguen latentes porque seguen vivas as persoas que as sufriron, e seguirano mentres o Estado néguese a habilitar as canles necesarias para resolvelas.

6/ As Cortes elixidas naquelas primeiras eleccións democráticas deron lugar á aprobación da Constitución que permitiu o máis longo período de paz da nosa historia e o progreso do conxunto do noso país, a súa incorporación na contorna europea e ocupar o lugar que lle correspondía no contexto internacional, e creaba as condicións para que os traballadores e traballadoras españois puidésemos homologar coa realidade do sindicalismo europeo.

7/ O paso de corenta anos causou menos danos na Constitución que as reformas realizadas sen debate político e sen referendo cidadán, ou pola falta de observancia dos seus preceptos e do seu espírito á que estivo sometida no rodar cotián da maquinaria política. É menos insuficiente polo seu contido que pola interpretación cicatera do mesmo. Neste corenta aniversario, o aniversario

poscrisis, vese con maior claridade que fai dez anos a necesidade de revisar o texto constitucional para adaptalo á sociedade actual, para mellorar os mecanismos que garantan o seu cumprimento, e para alargar as canles de participación democrática da cidadanía.

8/ Pero neste aniversario é o momento de lembrar que vivimos nun país que sae da crise con grandes feridas sociais e dereitos perdidos, que os cidadáns e cidadás españois lograron a base de moita loita, esforzo e sacrificio. É o momento de recuperar dereitos e avanzar cara a outros novos.

9/ Algúns dos dereitos que máis sufriron neste período son os relativos para poder manifestarse e expresarse libremente e a poder exercer a folga. A derrogación da Lei Mordaza e o artigo 315.3 do Código penal, xunto á modificación do artigo 172 do mesmo Código, son absolutamente prioritarias para que os cidadáns e cidadás deste país recuperen os dereitos e liberdades, polos que tantas persoas deron a súa vida ata lograr a democracia.

10/ Ao redor de 300 sindicalistas foron procesados, axuizados e, en moitos casos, condenados por exercer o dereito a folga e participar nun piquete informativo. O día 21 de xuño Rubén Ranz e José Manuel Nogueiras, sindicalistas de UGT, enfrontáronse a un xuízo, cunha acusación inxusta e unha petición de 7 anos de cárcere, por participar nun piquete e defender os dereitos e intereses dos traballadores. UGT considera inaceptable que nun Estado democrático estas situacións poidan suceder, polo que fai un chamamento a todas as forzas parlamentarias para garantir o exercicio libre dos dereitos de folga e manifestación.

## AS RECOMENDACIÓN DA OCDE EN MATERIA DE EMPREGO SON EQUIVOCADAS E INCONGRUENTES

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores considera equivocadas e incongruentes as recomendacións en materia de emprego publicadas pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).

Unhas recomendacións incluídas no seu informe "Perspectivas de Emprego 2017" que non están pensadas en absoluto nin para recuperar o emprego nin para o beneficio dos traballadores, no que o organismo considera que a reforma laboral de 2012 axudou a mellorar os niveis de emprego, a pesar de que se mantén por baixo do nivel previo á crise e a taxa de paro é a segunda máis alta de toda a OCDE, e considera "vital" profundar no esforzo da reforma para mellorar o rendemento do mercado de traballo.

A OCDE vive noutra realidade e aínda non se decatou de que a mellora cuantitativa do emprego esconde un aumento do traballo temporal e precario, froito desa reforma laboral, que trouxo consigo tamén un empeoramento da saúde e seguridade dos traballadores, dos salarios e da desigualdade e a pobreza no noso país.

Non foi a "profunda e prolongada" crise económica a causante de que haxa máis de 4 millóns de traballadores en desemprego; de que despois de sete anos, e tras tres anos de crecemento económico continuado, haxa aínda 214.600 ocupados menos; de que case a metade dos mozos non atopen un traballo e moitos teñan que emigrar fóra; de que se deteriorou a protección social e por desemprego;

de que as mulleres, os migrantes e os maiores de 55 anos quedáronse excluídos do mercado laboral español; ou de asentar a figura do traballador pobre, aquel que aínda tendo un emprego permanece por baixo dos niveis de pobreza. Foi grazas á reforma laboral de 2012. E iso a OCDE teno que recoñecer.

Ademais, o organismo insiste en que non hai que concentrarse exclusivamente na creación de emprego e prestar tamén atención á súa calidade, cando foi precisamente a reforma laboral a que debilitou tanto a calidade do emprego que xa 9 de cada 10 contratos que se crean cada mes é de carácter temporal e aumenta continuamente o volume de emprego a tempo parcial involuntario. Para UGT, é incongruente encomiar a reforma e demandar máis calidade no emprego, cando foi esta a que deteriorou ata o exceso a súa calidade. A recuperación do emprego non pode vir da man de traballos lixo ou de empobrecer máis ás familias deste país, senón de empregos máis produtivos e de calidade.

A OCDE destaca tamén que se debe involucrar aos sindicatos e promover "a negociación colectiva", que pode contribuir a que "cambios potencialmente rupturistas" realícense de forma beneficiosa para os empregados.

Pois ben, grazas á reforma laboral de 2012, o Goberno conseguiu aumentar a des-



protección dos traballadores e traballadoras, estender a precariedade laboral e incrementar as desigualdades. Deuse moito máis poder ao empresario e debilitouse a capacidade negociadora dos traballadores, individual e colectivamente.

Por tanto, UGT lamenta que un organismo como a OCDE avogue por profundar nunha reforma que se demostrou como un absoluto fracaso no noso país, que trouxo un maior sufrimento para a inmensa maioría da poboación e que debilitou a protección para os traballadores, en beneficio das empresas.

A solución non pasa por impulsar esta reforma, senón por derogala como punto de partida para construír un modelo de relacións laborais máis eficiente, con máis dereitos para todos os traballadores e traballadoras e garante dun emprego de maior calidade, co fin de asentar a recuperación real da economía para as familias do noso país.

## O PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO TEN QUE SER UNHA REALIDADE XA

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT sinalou que é preciso acabar co "terrorismo machista" que está a segar a vida de mulleres en España e que fai que decenas de miles delas estean ameazadas e non vivan con liberdade e reclamou que o Pacto de Estado acabe as súas conclusións, para poder implementar xa políticas que acaben con esta lacra social.

Álvarez, que fixo estas declaracións tras participar no minuto de silencio convocado polo sindicato en recordo e solidariedade coa última vítima de violencia de xénero, sinalou que corresponde "á sociedade no seu conxunto, incluídas as organizacións sindicais" facer fronte, "con todas as nosas forzas", á violencia de xénero.



## APOIO DOS MOZOS DE UGT E OS DIRIXENTES SINDICAIS A RUBÉN RANZ E JOSÉ MANUEL NOGALES

**Redacción.-** Os mozos de UGT elaboraron un comunicado e un vídeo, no que participaron membros deste colectivo e colaboraron distintos dirixentes sindicais, en apoio a Rubén Ranz e José Manuel Nogales, dous sindicalistas procesados por exercer o seu dereito a folga e que serán xulgados o próximo 21 de xuño. Comunicado de apoio:

UGT-Mocidade, así como o resto de organizacións xuvenís do sindicato, queremos mostrar o noso absoluto apoio aos compañeiros Rubén Ranz e José Manuel Nogales, sindicalistas perseguidos por exercer o dereito a folga.

A Fiscalía decidiu aplicar o artigo 315.3 do Código penal sobre estes compañeiros por participar nun piquete informativo durante a folga xeral de marzo de 2012. Durante toda a historia da democracia realizáronse centos de piquetes en todo tipo de folgas para informar as persoas traballadoras porque está a realizarse ese paro no traballo e para garantir que o empresario non presiona aos seus empregados e empregadas para que vaian tra-

ballar, baixo a ameaza de ser despedidos.

Nunca, en ningún piquete anterior aplícase este artigo, pero desde que o Goberno do PP subiu ao poder empezouse a aplicar esta norma dunha maneira arbitraria e foron procesados máis de 300 sindicalistas. Este uso realizouse cunha interpretación interesada e co único fin de infundir medo á clase traballadora para que quen proteste, quen decida opoñerse ás políticas destrutivas do goberno, poida ser sinalado e perseguido.

O próximo 21 de xuño, tras 5 anos, estes compañeiros terán o seu xuízo no que se defenderán contra acusacións falsas, para ser absoltos dunha pena completamente desproporcionada que, insistimos, afástase de todo criterio obxectivo e só busca criminalizar ao movemento sindical e perpetuar a política do medo, para que a xente non exerza un dereito tan básico como é a defensa das súas condicións laborais por medio da folga.

Por tanto, todas as organizacións xu-

venís sindicais, os departamentos da mocidade territoriais, así como os departamentos xuvenís das federacións e do confederal de UGT, queremos denunciar publicamente que a fiscalía, lonxe de garantir os intereses públicos, desempouou unha lei para aplicala dunha maneira arbitraria e partidista. Lamentamos que este órgano funcione máis como brazo executor das políticas do medo do Goberno e, neste sentido, esperamos que triunfe o estado de dereito e que o uso particular da fiscalía acabe sendo revogado polo poder xudicial.

Por último, para evitar persecucións no futuro, esiximos a derogación do artigo 315.3 do Código penal porque ser piquete e informar á clase traballadora do seu dereito a folga non pode ser un delito e lograse evitar así un uso malintencionado da nosa lexislación.

Do mesmo xeito, esiximos aos grupos parlamentarios que cumplan co seu compromiso de derogar a Lei Mordaza, que só tiña como obxectivo silenciar e oprimir á cidadanía.

## PROMOVERASE UN RECURSO DE AMPARO ANTE O TC SE CONTINÚA O BLOQUEO DA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS

**Redacción.-** CCOO e UGT promoverán un recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional (TC) se continúa a situación de bloqueo que sofre a tramitación parlamentaria da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para a posta en marcha dunha Prestación de Ingresos Mínimos. Pasou case un ano desde que se rexistrou no Congreso, cun aval de 710.000 firmas, e case medio ano desde que a maioría parlamentaria aprobou a súa tramitación como proxecto de lei. Con todo, unha minoría está a bloquear a súa tramitación, a través dun dilatamento constante do prazo de presentación de emendas. Ambas as organizacións alertan de que é necesario que esta prestación inicie a súa tramitación de inmediato.

UGT e CCOO denunciaron, ás portas do Congreso dos Deputados, a situación de bloqueo que sofre a tramitación parlamentaria da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para a posta en marcha dunha Prestación de Ingresos Mínimos. Cúmrese case un ano, desde que en xuño de 2016 rexistrouse, co aval de 710.000 firmas de cidadáns e cidadás, e case medio ano desde que en febreiro de 2017 a maioría de grupos parlamentarios (PSOE, Unidos Podemos, ERC, PNV, PdeCat, Cidadáns e Bildu) que suman 181 escanos, aprobasen a súa tramitación como proxecto de Lei.



Ambas as organizacións sindicais comezaron unha rolda de contactos cos grupos parlamentarios (xa se viron con Unidos Podemos, PSOE e Cidadáns) para denunciar a situación de bloqueo, que unha minoría parlamentaria está a impoñer á tramitación parlamentaria desta prestación, que se atopa de forma ininterrompida nunha fase de presentación de emendas, que se prorroga sistematicamente desde hai meses.

As delegacións de CCOO e UGT, encabezadas por Carlos Bravo e Adela Carrió, respectivamente, fixeron un chamamento aos grupos parlamentarios para que dean cumprimento ao mandato cidadán e procedan á tramitación do Proxecto de Lei desta prestación, da que se beneficiarían directamente 2,4 millóns de persoas, das que o 62% son mulleres, uns 20% mozos

e a metade maiores de 45 anos.

Neste sentido, ambos os sindicatos lembraron que esta Prestación de Ingresos Mínimos ten como obxectivo garantir unha prestación económica a todas aquelas persoas que estando en situación de traballar carecen de emprego e de ingresos suficientes para vivir, durante todo o tempo no que subsista dita situación.

UGT e CCOO reclamaron aos grupos parlamentarios que garantan a tramitación desta prestación e non se burle o dereito dos cidadáns para participar na vida lexislativa do noso país, mediante a Iniciativa Lexislativa Popular, advertindo en todo caso que, de non corrixirse esta situación, promoverán un recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.



## UGT CELEBRA QUE O PARLAMENTO EUROPEO APOIE ELABORAR UNHA ESTRATEXIA PARA ERRADICAR A BRECHA DE XÉNERO EN PENSÍONS

**Redacción.-** UGT valora que o Parlamento Europeo, con 433 votos a favor fronte a 67 en contra e 36 abstencións, apoiase a elaboración, a instancias da Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero, unha estratexia europea para eliminar e previr a brecha de xénero en materia de pensións.

O sindicato considera que a Eurocámara deu un paso moi importante para erradicar as discriminacións, paso que espera sirva para que en España se revise a lexislación e pónanse en marcha medidas para corrixir esta situación. Hai que lembrar que, no noso país, só puideron acceder a unha pensión de xubilación pouco máis de dous millóns de mulleres (2.098.140) fronte aos máis de tres millóns e medio de homes (3.588.469). Estas cifras reflicten non só a diferenza na presenza de mulleres e homes no mercado laboral senón a forma desigual en que alcanzan a xubilación e que logo inflúe nos ingresos cos que teñen que vivir. Estes datos reflicten a peor situación das mulleres na velez, mesmo aínda que realizasen un traballo remunerado ao longo da súa vida.

A contía media das pensións de xubilación das mulleres en España ascende a 742,81 euros, unha diferenza de 454,38 euros en relación á pensión media dos homes. Isto supón unha brecha de xénero nas pensións do 37,95 %.

O informe da Comisión Europea de igualdade avoga por definir unha estratexia para poñer fin á brecha de xénero en materia de pensións na Unión Europea; que velase pola correcta aplicación das normativas europeas contra a discriminación de xénero, as cales poden garantir a igualdade entre homes e mulleres en materia de capacidade contributiva ao sistema de pensións; condenaba enerxicamente a brecha de xénero en materia de salarios, que garda

relación cos problemas de discriminación, e reitera o seu chamamento a favor dunha revisión da Directiva 2006/54/CE ao obxecto de conseguir unha maior igualdade de trato entre homes e mulleres no que respecta ao emprego e a remuneración.

Este informe tamén apoia a loita contra a segregación horizontal e vertical no mercado laboral fomentando que as mulleres opten por profesións e carreiras nos sectores con potencial en materia de innovación e crecemento, hoxe dominados principalmente polos homes debido a pertinaces estereotipos; reitera, en vista do traspaso cada vez maior da responsabilidade dos sistemas de pensións a plans de financiamento persoal, a importancia que reviste garantir a non discriminación no acceso aos servizos financeiros incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2004/113/CE; solicita aos Estados membros que apliquen mecanismos para a corrección, en particular en beneficio das persoas máis vulnerables, das desigualdades en materia de carreira profesional que, ao non deixar de xurdir ao longo da traxectoria laboral, poderían desembocar na brecha en materia de pensións; e solicita á Comisión que favoreza o intercambio de boas prácticas ao obxecto de determinar tanto os mecanismos correctores máis eficaces como aqueles que poden facer fronte a factores facilitadores da brecha en materia de pensións.

Ademais, insta os Estados membros e á Comisión á avaliación e sensibilización para abordar a brecha de xénero nas pensións con maior eficacia; e á redución das desigualdades na capacidade contributiva aos sistemas de pensións, a través de velar pola correcta aplicación das normativas da Unión contra a discriminación de xénero, directa e indirecta, así como polo seguimento sistemático da súa evolución, de forma que se incoen procedementos de infracción en caso de incumprimento e pro-



cédase eventualmente á revisión de dita normativa, co fin de garantir a igualdade entre homes e mulleres en materia de capacidade contributiva aos sistema de pensións.

Condena enerxicamente a brecha de xénero nos salarios o lugar de traballo, á vez que reitera o seu chamamento en favor dunha revisión da Directiva 2006/54/CE, que só foi obxecto dunha transposición clara e suficiente en dous Estados membros, co fin de conseguir unha maior igualdade de trato entre homes e mulleres no que respecta ao emprego e a remuneración en virtude do principio de igualdade de remuneración entre homes e mulleres por un traballo igual, un principio que foi consagrado no Tratado desde o mesmo momento da fundación da CEE.

Insta tamén os Estados membros, os empresarios e os sindicatos a que elaboren e apliquen instrumentos de avaliación do emprego específicos e útiles que permitan definir os traballos de igual valor, garantindo a igualdade salarial entre mulleres e homes e, por conseguinte, a igualdade das pensións que percibirán no futuro; e alenta ás empresas para levar a cabo auditorías anuais sobre a igualdade de remuneración, a publicar os datos correspondentes coa máxima transparencia e a reducir a brecha de xénero nos salarios.

## AS MARCHAS DE MAIORES EN DEFENSA DAS PENSÍONS SERÁN EN SETEMBRO

**Redacción.-** UGT informa que aprazaron ata finais de setembro as marchas en defensa das pensións presentes e futuras, promovidas pola Unión de Xubilados e Pensionistas do sindicato, que confluirán nunha gran concentración en Madrid, para esixir ao Goberno a derogación da reforma de 2013 e outras políticas que faciliten, e non empeoren, a calidade de vida dos pensionistas deste país. Este cambio (estaban previstas para o mes de xuño) persegue abrir á sociedade civil e outros colectivos de maiores o poder participar nas

distintas marchas e accións de protesta en defensa das pensións e que as mesmas teñan un impacto maior, ao planificado inicialmente, polo apoio que están a suscitar.

Os xubilados e pensionistas de UGT decidiron aprazar as marchas previstas en xuño en defensa das pensións presentes e futuras para aumentar unha participación de colectivos sociais que no inicio desbordaron as nosas expectativas.

Estas marchas confluirán nunha gran concentración en Madrid, para esixir políticas en favor do presente e futuro das pensións, que non se mingüe o poder adquisitivo dos pensionistas e que se derogue, por tanto, a reforma unilateral do Goberno do PP en 2013

A campaña forma parte das accións que están a desenvolver para esixir ao Goberno que rectifique a súa política de recortes e antepoña os dereitos dos maiores para vivir dignamente.